

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2022

Ás 10.00 horas do día 28 de outubro de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourenseana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor acctal.: D. José Mosquera Casero

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

O deputado do Grupo Socialista don Rafael Rodríguez Villarino ausentouse do salón de sesións no tratamento e votación do punto segundo da orde do día.

O deputado de Democracia Ourensana don Gonzalo Pérez Jácome ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sétimo da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2022.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 30 de setembro de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 30 de setembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- AUTORIZACIÓN, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA, AO DEPUTADO PROVINCIAL RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, PARA COMPATIBILIZAR O EXERCICIO DO SEU CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA CO DESEMPEÑO A TEMPO PARCIAL DO POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR ASOCIADO T3 - P5 NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para sinalar que no seu momento o seu grupo xa apoiou esta solicitude de compatibilidade, e que lamenta que teña que ser unha sentenza xudicial a que faga posible esta compatibilidade.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que a persoa e compañeiro que sufriu esta situación, o deputado provincial Rodríguez Villarino, se vaia a ausentar durante o debate e votación deste asunto, como debe ser. Engade que esta situación é o relato dun despropósito e que pon de manifesto que o que se antepón son as fobias persoais dos deputados do PP a outras persoas que ocupan outros escanos nesta corporación, e que isto en política é indecente. Pregunta se os deputados e deputadas que votaron en contra desta situación van ser responsables dela e engade que el estaría moi preocupado de ser un cargo do PP que votou en contra da compatibilidade solicitada, porque o de menos aquí son os cartos, o importante é que ante unha situación legal na que o secretario xeral dixo que se tiña que cumprir vostedes votaron en contra dese acordo, e agora unha sentenza xudicial os pon no seu sitio. Non hai argumento que sustente o que vostedes fixeron, e agora temos un problema como institución, xa que o goberno que fai efectivos os acordos deste pleno, votou en contra dun acordo que non se podía ter votado en contra. Vostedes, con manifesta mala fe, autorizan esa situación inicialmente no ano 2019 e logo, cando este deputado pide que se lle amplíen unhas horas, lle negan a dita ampliación cando anteriormente votaran a favor. Xa lles vou adiantando que me preocupei de ver os nosos argumentos cando no ano 2013 nós como grupo votamos en contra da compatibilidade solicitada pola interventora. Aquí houbo intencionalidade de facer dano a unha persoa, e isto na xustiza se chama dunha maneira determinada que supoño, que a persoa en cuestión, terá a ben acudir a onde ten que acudir, e entón van ter vostedes un problema. Ou hai mala fe, ou dolo, ou negligencia, e a todos os deputados e deputadas que votaron a favor lles debe supoñer un problema porque se trata dunha decisión arbitraria. Nós pedímoslle ademais un informe ao secretario xeral, para ver outras cuestións, como cal é a súa interpretación con respecto a quen vai responder patrimonialmente desta cuestión, tendo eles claro como grupo que deben responder os que votaron en contra da compatibilidade solicitada, e que causaron esta pequena tropelía. Ao final esta institución vai ter que pagarlle un salario a unha persoa por non traballar e todo porque vostedes votaron en contra de que puidese traballar.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención sinalando que vai ser moi breve porque este asunto está máis que debatido. O fallo da sentenza é claro e vaise

acatar, como non podía ser doutro xeito, matizando que a sentenza aínda podía ser recorrida, pero que non se interpuxo recurso contra dela. Declara que o seu grupo segue mantendo a mesma opinión e argumentos que no seu día lles levaron a votar en contra da compatibilidade solicitada, e que foron expostos claramente naquel pleno de data 31.07.2020 polo deputado Rosendo Fernández. Engade que as sentenzas se acatan pero pode discreparse delas. Para rematar puntualiza que cando a interventora da Deputación pediu a compatibilidade en termos similares aos controvertidos, no pleno de data 25.10.2013, o grupo socialista votou en contra dela, e se daquela non estaban ben informados, como dixo o voceiro do PS de G-PSOE, será culpa súa e non do PP. Sobre o informe solicitado polo grupo do PS de G-PSOE ao secretario xeral, e que este emitiu “porque lle deu a gana”, queda claro que a indemnización polos salarios deixados de percibir faráselle efectivo tralo informe previo da Universidade de Vigo, e o informe conclúe que non hai responsabilidade penal, non hai responsabilidade civil e non hai responsabilidade administrativa na súa vertente patrimonial, e todo isto porque non se aprecia a existencia de dolo, culpa ou negligencia grave, e a anulación do acordo adoptado no seu día ven dada pola súa falla de motivación, desestimándose expresamente outras pretensións formuladas na demanda, como son por exemplo as relativas á eventual desviación de poder. En resumo, o seu grupo acata a sentenza e con máximo respecto á autoridade xudicial que a ditou, discrepamos dalgunhas consideracións que se fan nela.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Neste quenda comeza sinalando que neste caso, o que fai é causa dun asunto que non encaixa na legalidade, acusa ao outro de buscar barullo mediático, cando se o PP votase a favor no seu momento non tería pasado nada. Lémbrale ao grupo popular que si se recorreu a sentenza ditada en primeira instancia, e que volveron perder. Sobre o informe do secretario xeral matiza que di que non lle corresponde a el ditaminar a existencia de responsabilidades penais ou civís, e que lle corresponde a outras instancias, razón pola que cree que os deputados e deputadas do PP e DO que votaron en contra daquel acordo deberían estar preocupados. Engade que os deputados e deputadas populares deberían ter o valor de enfrontarse no seu momento a quen manda facer este tipo de cuestións e non tragar con todo. O que se ten que tramitar é quen se fai cargo desta indemnización, e había un informe do secretario indicando que se tiña que autorizar esta compatibilidade. Correspóndelle á persoa prexudicada neste caso actuar en consecuencia.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que para algo están as instancias xudiciais, e si soubesen que ían perder evidentemente non terían recorrido, e lembra que non se recorreu a sentenza do TSX de Galicia, cando si que se podía. Engade que o que corresponde é acatar as sentenzas e con espírito democrático se pode discrepar delas, como fai o grupo socialista con outras e hai moitos exemplos. O grupo popular entendía esta cuestión e a entende agora do mesmo xeito, e seguen a discrepar con ela, con dereito a equivocarse. Como exemplo de indemnizacións ás que deben facer fronte administracións, están as dos despidos laborais, que as sentenzas acaban declarando nulos ou improcedentes, e hai que indemnizar e por esa regra de tres os que votaron ou adoptaron ese despido deberían tamén responder co seu propio patrimonio. Remata indicando que o que se fai polo grupo socialista é demagogia deste asunto.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Autorizar ao deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino a compatibilidade do seu cargo de deputado provincial en réxime de dedicación exclusiva, co desempeño do posto de profesor asociado T3-P5 na Universidade de Vigo.

2º. Indemnizar ao deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino polos salarios deixados de percibir en razón da denegación da compatibilidade acordada no pleno de data 31.07.2020, si os houbese, a razón de 176,91 € / mensuais, ata que poida incorporarse ao posto ao que agora se autoriza a compatibilidade (profesor asociado T3-P5 na Universidade de Vigo).

3º.- RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE A DON JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ, FUNCIONARIO INTERINO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgarlle ao empregado público desta Deputación Provincial don Jaime Antonio Pintos Pérez, que presta servizos como funcionario interino coa categoría de administrativo de administración xeral, a compatibilidade co exercicio dunha segunda

actividade na administración pública como profesor interino na Universidade de Vigo, por entender que se cumpren os requisitos requiridos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

O presente acto suxeitase as seguintes condicións:

a) O empregado público deberá manter a redución de xornada do 25% percibindo o 75% das súas retribucións ordinarias mentres persista a compatibilidade outorgada polo Pleno da Corporación en sesión de data 25/03/2022 para o exercicio da actividade privada da avogacía. A redución da xornada por interese particular do 25% foi outorgada por resolución do deputado delegado de Transparencia e Administración Provincial de data 06/10/2022, número 2022/10999 e ten efectos dende o 07/10/2022.

b) A actividade docente universitaria compatibilizada, non poderá interferir no exercicio da súa actividade como empregado público nesta Deputación Provincial, nin no horario e xornada de traballo establecido nesta institución.

SEGUNDO.- Inscribir o presente acordo, polo que se reconece e autoriza a referida compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade na administración pública como profesor na Universidade de Vigo, no Rexistro de Persoal.

TERCEIRO.- Notificarlles o presente acordo ás persoas interesadas.

4º.- MODIFICACIÓN DA VIXENTE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE, NO REFERENTE ÁS TARIFAS DOS ANEXOS I E II.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e anuncia que a este ditame se presentou unha emenda da que tamén dá conta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que como xa expuxo na comisión informativa, a actualización da tarifa que se propón dun 3,5 %, non pode considerarse elevada en comparación co entorno no que nos movemos, pero debemos ter en conta que se difire un ano a tarifa, polo que a suba máis importante se producirá no vindeiro

exercicio de 2023. Sobre este tema do medio ambiente en xeral e da xestión de residuos en particular, sinala que lle preocupa como vai ser a xestión cara a vindeiros anos, xa que por un lado temos aí o tema da privatización da xestión do servizo, e temos que facer os deberes, xa que hai unha nova lei de abril deste ano, que é unha transposición de normativa comunitaria, e nos impón unha serie de obrigas ou ítems para este ano e o que ven, como a recollida separada dos bioresiduos, así como o pago dun imposto específico polos residuos non separados que recadaría a administración autonómica. Estamos ante cambios importantes e que van supoñer unha parte importante de recursos económicos que se deben asignar á xestión dos residuos. Polo anterior suxire que desde a Área de Medio Ambiente da Deputación se faga unha visualización do novo entorno para o ano 2023 e das medidas para tratar de implementar as novas esixencias normativas que entran en vigor. Incide en que existe unha necesidade de crear un corpo de inspección, que seguramente non poderá ser municipal, e que aí podería ter un papel importante a Deputación cun corpo de inspectores de persoal funcionario.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que o seu grupo vai votar a favor desta modificación, e que a suba para este exercicio vai ser moderada en comparación coa que se prevé para o vindeiro 2023. Aproveita para poñer enriba da mesa a inxustiza do actual modelo de repercusión de custos do servizo que presta a Deputación con carácter intermunicipal, pois unicamente ten en conta o número de habitantes dos respectivos concellos e non outras variables. Sobre a implementación do quinto contedor de residuos suxiren que desde a Deputación se comece a conversar cos concellos e a facer campañas sobre este. Remata indicando que agarda que a privatización do servizo de recollida do lixo quedase “nun susto de Samaín”.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza sinalando que existe unha emenda para facilitar a inclusión do concello de Taboadela no ámbito de aplicación desta ordenanza fiscal. Sobre as intervencións dos grupos sinala que efectivamente se aplica a fórmula de actualización de prezos xa prevista na ordenanza, e que o incremento o vindeiro ano tampouco vai ser tan elevado como se dixo. Debemos ir paso a paso xa que de nada vale ter implantado o quinto contedor se agora mesmo non hai onde xestionar eses residuos. Sobre a externalización engade que esta segue o seu procedemento administrativo e máis pronto que tarde teremos novidades neste pleno, e que a implantación do quinto contedor xa está prevista na externalización que se está tramitando. Sobre o eventual servizo de inspección provincial

indica que existe unha previsión ao respecto na área de Medio ambiente e se está a traballar niso.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén para sinalar que o quinto contedor agora mesmo está só implantado para os grandes produtores, e para pequenos concellos, na súa opinión, non vai ter moito sentido, xa que unicamente de materia orgánica, pode converterse nun problema sanitario maior que o ambiental. Engade que vai ter que facerse un importante esforzo de concienciación cidadá, así como no uso da compostaxe doméstica e comunitaria, sempre e cando esta última sexa posible. Insiste en que estamos ante un tema moi importante, polo seu contido ambiental, e porque se leva unha parte importante dos orzamentos dos concellos. Sobre a privatización do servizo sinala que debemos saber que queremos para os próximos anos deste servizo, porque a situación e as esixencias están a mudar.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o ditame coa emenda presentada, e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación dos anexos I e II da vixente Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense (BOP 21/12/2020), co seguinte contido:

Anexo I

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS	
EPIGRAFES	
	TARIFA
<i>Vivendas</i>	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	58,80 €
Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	73,50 €
TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
EPIGRAFES	
	TARIFA
Hoteis, hostais, pensións, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	58,80 €

Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o roulotte (carabana ou autocarabana), ou bungaló	58,80 €
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m2	176,40 €
Restaurantes de 100- 350 m2	294,00 €
Restaurantes de mais de 350 m2	587,99 €
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	176,40 €
Penas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	58,80 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	587,99 €
Pubs e bares con música e similares	294,00 €
Bingos	176,40 €
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m2	176,40 €
Supermercados e aautoservizos de alimentación de 100 a 350 m2	411,60 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m2	882,00 €
Carnicerías e peixerías	176,40 €
Froiterías	235,19 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	176,40 €
Outros negocios de	
Venda polo miúdo de produtos non perecedoiros de 0-100 m2	176,40 €
Venda polo miúdo de produtos non perecedoiros de 100-350 m2	352,80 €
Venda polo miúdo de produtos non perecedoiros de máis de 350 m2	587,99 €
Almacéns, depósitos e venda por xunto de 0-200 m2	176,40 €
Almacéns, depósitos e venda por xunto de 200-450 m2	352,80 €
Almacenes, depósitos e venda por xunto de máis de 450 m2	587,99 €

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
A EPÍGRAFES	TARIF
Servizos	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	470,40 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	117,60 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades	4.997,96 €

complementarias		
Centros penais, por cada interno		88,20 €
Cemiterios e igrexas e templos con cemiterios		88,20 €
Cines e teatros		117,60 €
Bancos e caixas de aforros		294,00 €
Academias privadas		176,40 €
Centros docentes sen servizo de comedor		294,00 €
Centros docentes con servizo de comedor		587,99 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)		58,80 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)		88,20 €
Centros de día, de ata 500 m2 totais		235,19 €
Centros de día de 500 ou máis m2		411,60 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)		176,40 €
<i>Oficinas, despachos e servizos profesionais</i>		
En locais de 0-100 m2		58,80 €
En locais de 100-200 m2		176,40 €
En locais de 200-300 m2		294,00 €
En locais de máis de 350 m2		411,60 €
<i>Estacións de servizo</i>		
Gasolineira sen tenda comercial		176,40 €
Gasolineira con tenda comercial		235,19 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción		58,80 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2		176,40 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2		294,00 €
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m2		411,60 €
TARIFAS ESPECIAIS		TARIFA
EPÍGRAFES		
<i>Pequenos núcleos rurais</i>		
Tascas e pequenos negocios de venda polo miúdo en núcleos de menos de 200 habitantes		58,80 €
<i>producción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por</i>		
Sen materia orgánica	1er contedor (800 l)	235,19 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	117,60 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	176,40 €

	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	294,00 €
Con materia orgánica	1er contedor (800 l)	587,99 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	294,00 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	470,40 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	587,99 €

Anexo II

<u>Entregas en Puntos Limpos (para non abonados)</u>		TARIFA
EPÍGRAFES		
Ud. de colchóns		6,34 €
Kg de voluminosos		0,233 €
Kg de RAEES sen clasificar non reciclables		0,233 €

2º.- Aprobar inicialmente a modificación do Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial de aplicación, da vixente ordenanza, incluíndo ao Concello de Taboadela, da seguinte forma:

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ao servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos municipios de Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Os Blancos, A Bola, O Bolo, Boborás, Calvos de Randín, Castrelo de Miño, Entrimo, A Gudiña, O Irixio, Larouco, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Muíños, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, A Pobra de Trives, Petín, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, Trasmiras, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras.

3º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se

formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

5º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA RECARGA PROVINCIAL SOBRE O IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Intervén para sinalar que é bo que se saiba o contido desta modificación, que trata de adaptar esta ordenanza á normativa en vigor e ademais diso, engadir as seguintes obrigas entre outras: o importe do recadado por cada concello pola recarga provincial do IAE, en período voluntario, entregáraselle á Deputación dentro dos dous meses seguintes a aquel no que finalice o período de recadación, e cada concello deberá presentar unha conta xustificativa segundo o previsto no artigo 7 da ordenanza e no modelo normalizado que figura no anexo I desta. Explica que hai concellos que acumulan débedas importantes por este concepto, e esta modificación trata de evitar que se produzan esas situacións.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, contabilizado o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (2), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal reguladora da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas.

Natureza e fundamento

Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 134 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a

Excma. Deputación provincial de Ourense establece a recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas.

Feito imponible

Artigo 2º.- Constitúe o mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non en local determinado e se atopen ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Considéranse actividades empresariais as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen, por conseguinte, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras.

Base imponible

Artigo 3º.- A base imponible está constituída polas cotas municipais do imposto modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, segundo o previsto no artigo 86 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Suxeitos pasivos

Artigo 4º.- Son suxeitos pasivos do Imposto sobre Actividades Económicas, e por conseguinte do recargo provincial sobre o mesmo, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Tipo de gravame

Artigo 5º.- Sobre as cotas municipais modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais recaerá unha Recarga única do 40%.

Xestión

Artigo 6º.- A xestión da Recarga levarase conxuntamente co imposto sobre que recae, pola entidade que teña atribuída a xestión do mesmo.

Recadación

Artigo 7º.- O importe recadado da recarga sobre o I.A.E. por recibo en período voluntario entregarase á Deputación dentro dos dous meses seguintes a aquel no que finalice o período de recadación, en réxime de autoliquidación, acompañando ao efecto conta xustificativa dos importes recadados por dito concepto emitida pola persoa que ostente a responsabilidade administrativa das funcións de intervención ou tesourería do concello correspondente segundo o modelo que se inclúe como anexo nesta Ordenanza. Este importe incrementarase coas cantidades recadadas ata a data de finalización de dito período voluntario que non estiveran incluídas no padrón ou matrícula.

As cantidades recadadas no semestre natural inmediatamente posterior ó mes no que finalice o período voluntario que non estiveran incluídas no padrón ou matrícula entregaranse dentro dos dous meses seguintes ao referido semestre, debendo igualmente presentarse conta xustificativa ao respecto.

Pola súa banda, as cantidades recadadas en período executivo entregaranse á Deputación con periodicidade semestral, debendo acompañarse a conta xustificativa correspondente.

Artigo 8º.- As cantidades ingresadas fora dos prazos indicados producirán xuros de mora, fixados nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado correspondentes, desde o día seguinte ó vencemento do prazo ata a data do seu ingreso.

Artigo 9º.- Caso de efectuarse a recadación do I.A.E. pola Deputación, practicarase directamente o ingreso da Recarga en arcas provinciais.

Artigo 10º.- A Deputación, de conformidade co disposto no apartado 5 do artigo 134 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá solicitar do Estado a retención, con cargo á participación nos tributos do Estado, das débedas firmes que contraeran os municipios pola recarga provincial do I.A.E., máis os xuros de mora.

Enténdese que a débeda é firme cando a recadación da recarga provincial non se entregara nas formas previstas anteriormente e conste en certificación acreditativa expedida polo Interventor local do municipio correspondente, segundo figura no apartado 5 do artigo 134 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 11º.- As retencións efectuadas, segundo se dispón no apartado 5 citado, serán entregadas polo Estado dentro do mes seguinte a aquel no que se verificaran as retencións. Ditós importes non poderán, no seu conxunto, e como máximo, exceder da porcentaxe que cada ano se establece nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para as compensacións das débedas dos municipios.

Vixencia

Artigo 12º.- A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

CONTA DE RECADACIÓN DO RECARGO PROVINCIAL SOBRE O EXERCICIO 20__			
Concello de _____			
DEBE		HABER	
CONCEPTOS	IMPORTE	CONCEPTOS	IMPORTE
1. Saldo debedor da conta anterior		1. Saldo acreedor conta anterior	
2. Valores pendentes de cobro		2. Ingresos en voluntaria	
3. Cargos en voluntaria		3. Ingresos en executiva	
4. Cargos en executiva		4. Datas por outros motivos	
		Baixas	
		Adxudicacións	
		Insolvencias	
		Por outros motivos	
5. Total principal (1+2+3+4)		5. Devolucións de ingresos (-)	
		6. Total Principal (1+2+3+4+5)	
6. Saldo acreedor á nova conta.		7. Valores pendentes de cobro	
		8. Saldo debedor á nova conta	
TOTAL DEBE (5 + 6)		TOTAL HABER (2 + 3 + 4 + 5 + 7)	
		Importe a transferir a Deputación (2 + 3 + 5)	

Na data da sinatura electrónica
Conforme,
Alcalde / Concelleiro de Economía e Facenda

Interventor / Tesoureiro

Segundo: Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo elo de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN Nº 7/2022 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. interventor dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, así como da emenda presentada.

Neste punto, e trala lectura do ditame, o Presidente aproveita para agradecer ao interventor accidental José Mosquera Casero o traballo e dedicación nesta Deputación ao longo de tantos anos e décadas, ao estar moi próxima a data da súa xubilación.

Os diferentes voceiros, dos grupos de DO, BNG, PS de G-PSOE e a deputada non adscrita, súmanse a este recoñecemento e agradecemento ao funcionario da Deputación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta que como sempre o seu grupo vai respectar a autonomía municipal, insistindo en que estas subvencións non deberían ter ido vía nominativa senón nun plan único que permitise que os concellos decidan o destino dos seus fondos.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Neste tema sinala que se os concellos deciden un cambio de obxecto no ámbito da súa autonomía municipal, van respectar esta decisión e apoiala co seu voto.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Explica que se trata dun cambio de obxecto nas subvencións previstas no orzamento e que apoiarán polo respecto máximo a autonomía municipal dos diferentes concellos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o ditame coa emenda de adición, e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencia de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (2), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 7/2022, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2022, e que cumpre co prazo establecido na Base 123 das de execución do orzamento vixente.

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos ” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Manzaneda** para a **“Brigada medioambiental con Chandrexa ”** por importe de 16.221,66 euros.

Con base na solicitude presentada polo **Concello de Manzaneda** de data 19 de setembro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, asinado polo alcalde do Concello de Manzaneda, **apróbase o cambio da finalidade da subvención que implica un cambio na aplicación orzamentaria**, quedando da seguinte maneira **450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Manzaneda	Cofinanciación dun tractor/trituradora traseira desprazable	16.221,66 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións ” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Petín** para a execución da obra **“Pavimentación do acceso a Carballal ”** por importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo Concello de Petín de data 21 de setembro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, asinado pola alcaldesa do Concello de Petín, **acórdase o cambio da finalidade da subvención por considerala preferente debido ao mal estado de conservación na que se atopa esta rúa**, quedando da seguinte maneira,

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Petín	Acondicionamento e pavimentación da rúa da Igrexa en Petín	48.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos. Subvencións ” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria celebrada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Parada do Sil** para “ Mobilidade turística Ribeira Sacra ” por importe de 10.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo Concello de Parada do Sil de data 22 de setembro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, asinado polo alcalde do Concello de Parada do Sil, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención, quedando da seguinte maneira,

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Parada do Sil	Mellora de acceso a Costrela	10.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias ” na MC 6/2022 aprobada na sesión plenaria celebrada o 30 de setembro, prevese inicialmente unha subvención a Federación de Comercio para “Gastos de funcionamento ” por importe de 25.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada pola presidenta da Federación de Comercio de Ourense de data 7 de outubro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo, baseándose na solicitude presentada pola Federación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense o 21 de abril de 2022, na que se solicitaba o apoio económico da entidade para gastos de funcionamento e proxectos ou actividades para o exercicio 2022, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención, quedando da seguinte maneira,

450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Federación de Comercio de Ourense	Gastos de funcionamento e proxectos ou actividades do exercicio 2022	25.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 existe unha subvención nominativa ao Concello de Castrelo de Miño para Cofinanciamento de proxecto municipais, por importe de 57.000 euros.

Con base na solicitude presentada pola Alcaldía do Concello de Castrelo de Miño, para o cambio da denominación da subvención, acórdase o cambio de finalidade da subvención nominativa, e que implica un cambio na aplicación orzamentaria, quedando da seguinte maneira:

450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Castrelo de Miño	Cofinanciamento do mantemento e funcionamento da vivenda comunitaria e do SAF	57.000,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións” existe unha subvención nominativa ao Concello de Larouco para cofinanciamento proxecto IDAE.

Con base na solicitude presentada no rexistro electrónico de data 21 de outubro de 2022, acórdase o cambio de finalidade da subvención nominativa, pero para dous proxectos diferentes, sen variar a cantidade inicial, do seguinte xeito:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A concellos. Subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Larouco	Cambio de luminarias en zona Portela	14.731,35 €
	Mellora instalacións eléctricas no complexo deportivo	25.268,65 €
Total		40.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín

Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A BONIFICACIÓN, REBAIXA OU SUPRESIÓN DA TAXA DO SERVIZO DE RECADACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista, para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para dar lectura á moción do seu grupo, na que sinala que os poderes e as administracións públicas non poden obviar o carácter social do noso Estado e, por iso, responden aos crecentes problemas da suba de prezos en determinados bens e servizos básicos por mor da guerra en Ucraína e outros factores esóxenos. É por iso que, como sociedade democrática e de dereito, precisamos dunha resposta eficaz, eficiente, proporcionada e contundente que permita paliar as consecuencias da inflación, que actualmente se atopa nuns niveis elevados. Debemos poñer solución a este problema a curto prazo, coa vista posta no exercicio 2023. Todas as administracións públicas, á hora de determinar os seus impostos propios, deben actuar con responsabilidade, tratando de facer unhas previsións de recadación correctas, que permitan cubrir os gastos dos servizos públicos que ofertan e, como consecuencia, tomar en consideración estas circunstancias a hora de fixar estes impostos, taxas e prezos públicos. Así mesmo, as normativas vixentes determinan con rotundidade o deber de proporcionalidade destes tributos. Un ano máis, o Congreso dos Deputados, a petición do Goberno central, apoiou que se manteña a suspensión das regras fiscais, en liña coa recomendación da Comisión Europea, que tamén decidiu estender a cláusula de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento, ante o encarecemento de prezos derivado da invasión rusa de Ucraína. O obxecto desta iniciativa é seguir a impulsar, desde todos os niveis administrativos, as medidas necesarias que permitan mitigar o impacto do encarecemento dos prezos. Debemos ter en conta que as entidades locais contarán con maior capacidade de gasto, ao pasar o superávit do 0,2 % previsto no

Programa de Estabilidade, ao 0,1 % contemplado no acordo do Consello de Ministros. O Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos seus artigos 15 e 16, indica que as entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes, que deberán conter, polo menos, a determinación do feito imponible, suxeito pasivo, responsables, exencións, reducións e bonificacións, base imponible e liquidable, tipo de gravame ou cota tributaria, período impositivo e pagamento. Sabendo que esta Deputación Provincial de Ourense presume habitualmente, da dispoñibilidade dun elevado remanente de tesourería, desde o Grupo Provincial Socialista defendemos que é posible unha mingua dos ingresos sen empeorar os servizos públicos prestados, contando, polo tanto, cunha evidente capacidade para aplicar unha rebaixa ou mesmo a supresión dalgunhas taxas propias de inmediato. Tal e como indica o nome desta moción, a nosa proposta está relacionada coa ‘Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense’, publicada no Boletín Oficial da Provincia do 12 de setembro de 2014 e onde se fixa no seu artigo 6 , letra A, que *“a cota tributaria resulta de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos, o tipo de gravame único do 5%”*. Segundo recolle a propia web da Deputación de Ourense, en referencia ao exercicio 2021, a institución presta actualmente este ‘servizo de recadación’ a 49 concellos da provincia. Por iso temos clara a importancia da posta en marcha destas medidas que beneficiarían tanto á veciñanza desta provincia, como tamén ás entidades locais que a conforman, aliviando as cargas que soportan as arcas municipais dos nosos concellos, entidades e mancomunidades. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Deputación Provincial de Ourense ao estudo da posibilidade de implantar bonificacións, reducións ou mesmo a supresión temporal no tipo de gravame da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación. 2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a modificar as ordenanzas fiscais en vigor, para poder levar a cabo estas rebaixas ou supresións no exercicio 2023. Engade que se trata dun paso importante que debe dar esta Deputación, na situación actual na que se deben ter en conta as economías de escala, os medios tecnolóxicos e de xestión cos que conta esta Administración, ou o superávit que ten esta institución

provincial, polo que entende que se trata dunha medida perfectamente defendible e que debe contar co apoio de todos os grupos da corporación.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sobre a moción presentada entende que se trata dun asunto que se podería por enriba da mesa con certos matices, se ben a día de hoxe, mes de novembro e cos orzamentos do ano próximo xa aprobados, quizás non sexa o momento acaído. Remata indicando que polos motivos expostos votará en contra desta iniciativa política.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que a proposta de acordo relativa a instar á Deputación Provincial de Ourense ao estudo da posibilidade de implantar bonificacións, reducións ou mesmo a supresión temporal no tipo de gravame da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación, pódese facer, e que os concellos que non teñen delegado este servizo na Deputación deben tamén coñecer o custo real para decidir o modo da xestión. A partir de aquí é certo que a Deputación insiste en que ten uns números económicos moi positivos, polo que parece que esta debe ser unha medida a implementar para favorecer aos concellos que teñen este servizo delegado e poder ofertalo en mellores condicións aos que non. Remata sinalando o seu voto favorable a esta moción.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sobre a moción presentada polo grupo socialista sinala en primeiro lugar que é evidente que non propón nada concreto, polo que semella unha moción pouco traballada, ou improvisada ou feita de cara á galería. A realidade é que este servizo ten uns custos fixos e uns ingresos variables, que dependen moito do recadado na vía executiva. Engade que no mes de setembro esta Deputación presentou os seus orzamentos provinciais para o exercicio de 2023 o fai sempre desde a planificación, a anticipación e o rigor na xestión das contas públicas, cuestións todas elas que se botan de menos nesta moción. Pregunta se o que pretende esta moción e desequilibrar o orzamento xa aprobado ou facer unha emenda oculta a este. Segundo os datos facilitados polo servizo de xestión tributaria a recadación desta taxa, que ascende ao 5 % , no ano 2021 ascendeu a 1.242.000,00 €, polo que habería que ver a súa afectación no ámbito dos ingresos provinciais. Insta ao grupo socialista a que a proposta de modificación da taxa engada todos os documentos esixidos polo artigo 20 do TRFFLL. Para rematar sinala que se trata dun importante servizo que presta esta Deputación Provincial e que segundo o artigo 24.2 do TRFFLL, o importe da taxa non poderá exceder no seu conxunto do custo real ou previsible do servizo, polo que resulta razoable que con carácter xeral as taxas cubran o custo do servizo, e as modificacións que se fagan sobre

esta taxa deben axustarse aos principios de proporcionalidade e estabilidade orzamentaria. Finaliza sinalando que esta moción debера ter sido presentada ou antes ou durante a tramitación do orzamento xeral provincial e non agora.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que é unha mágoa que o PP manipule e terxiverse a moción presentada. Insiste en que o seu grupo xa indica que non presenta unha proposta concreta por non ser petulantes ou creerse superiores, pero que existen concellos na provincia que prestan este servizo cun custo por debaixo do 3 %, polo que manter o 5% nesta Deputación é pouco defendible. A continuación procede a dar lectura a unas propostas dunha moción de data 22 de setembro na que se di “...*que por parte do departamento correspondente se estude a posibilidade de implantar bonificacións e reducións nos tipos de gravame dos impostos municipais actualmente vixentes. Que polo mesmo departamento se estude tamén posibles reducións ou bonificacións das taxas e prezos públicos vixentes...*”. A continuación sinala que se trata dunha moción presentada polo PP no Concello do Carballiño, ao que engade que Feijó ven de presentar en Madrid unha rebaixa xeneralizada de impostos sen detallar cifras nin como afectaría aos ingresos do Estado, ao que hai que sumar as rebaixas de impostos solicitadas polo PP en deputacións como a de León ou Valencia. Conclúe que nesta moción o grupo socialista na Deputación fai unha exposición ao que fai o PP en concellos da provincia, o seu líder a nivel nacional, e o PP en diferentes CCAA e deputacións, o que amosa que o voceiro do PP ten un descoñecemento abismal do que pasa nas súas propias filas, e ven aquí pedir que non fagamos o que fai o seu propio partido. Remata sinalando que se trata dunha proposta feita desde a boa fe e que unicamente pide que se faga un estudo sobre esta posibilidade de implantación, e que unha redución desta taxa levaría a que se adherisen moitos máis concellos desta provincia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que efectivamente temos un problema global no que as aproximadamente trinta grandes corporacións e empresas seguen a tributar en paraísos fiscais, cando a necesidade de recadar impostos non pode ser posta en dúbida, se queremos ter servizos públicos en condicións. Sobre a moción presentada insiste en que se vai apoiar por parte do grupo do BNG xa que esta pode contribuír á mellora do financiamento municipal.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Brevemente insta ao grupo socialista a que presente esta moción no intre indicado, que será na preparación e elaboración do orzamento

provincial para o ano 2024, para que poida ser tida en conta e non co orzamento provincial xa aprobado.

- quenda de peche de Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o PP nesta moción vai votar contra si mesmo, xa que se trata dunha proposta que defende o PP noutros concellos da provincia e que propón o seu líder a nivel nacional. Remata indicando que o PP nesta Deputación se guía unicamente por filias e fobias e pola súa propia supervivencia, obviando o desenvolvemento da provincia e as necesidades reais da veciñanza e dos concellos, e que no próximo mandato se cambia o goberno da Deputación mudará radicalmente a forma de facer as cousas.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita, e a abstención do deputado presente de DO (1).

8º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES ANTE O PROBLEMA DE CONTAMINACIÓN NAS COMARCAS DA LIMIA E A BAIXA LIMIA E A AMEAZA DE DECLARACIÓN DAS MESMAS COMO ZONA VULNERABLE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG, para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai uso da palabra para dar lectura á moción do seu grupo na que se sinala que o BNG quere amosar a súa preocupación pola grave situación que están a padecer as terras da Comarca da Limia, espazo clave na produción agrogandeira de Galiza onde a ameaza de “declaración da comarca como zona vulnerábel” con consecuencias que xa estamos a padecer, non pode ser obviada por unha Xunta de Galiza que permanece ausente e indiferente ante as gravísimas consecuencias que esta declaración tería para a riqueza da nosa Comarca. Múltiples estudos indican que a concentración de gandería intensiva porcina e avícola co exceso de xurros que provocan, ante a nula acción das consellerías responsables, abocan a unha situación cando menos

preocupante, a uns agricultores e gandeiros que son vítimas da inacción destas xunto co resto dos veciños e veciñas que sofren as consecuencias da contaminación das súas canles, con exemplos tan palpables ano tras ano como a contaminación por cianobacterias do encoro das Conchas. Asistimos unha vez máis indignados ao abandono da Limia, que tras infinitas promesas, ven como no último anuncio por parte do presidente accidental da Xunta de Galiza, Sr. Rueda, quedaríamos xa non fóra do proxecto de construción dunha planta de tratamento de xurros promovida polas grandes empresas enerxéticas e a Xunta (que se levaría para Cerceda) senón incluso das plantas satélites de subministración para esta. Deixando de lado á maior zona de produción agrogandeira do país. Non está no ánimo do BNG que esta sexa a solución máxica para o grave problema que se ten permitido que acontecera no noso entorno, xa que esta deberá vir cando menos inicialmente, dun paquete de medidas multidisciplinares xurdidas da Mesa da Limia onde partillaron: colectivos de agricultores, gandeiros, asociacións agrarias, concellos da Limia, organizacións ambientalistas, colectivos ecoloxistas, o CETECA, a IXP Pataca de Galicia, o Linorde baixo a coordinación do GDR Limia Arnoia e a Fundación Juana de Vega e deron lugar a un documento que disque foi consensuado entre os distintos actores e nomeado como “Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia”. Mais namentres as medidas nel recollidas : coordinación da Mesa da Limia, Plan de Formación para agricultores e gandeiros, Edición e distribución do Manual de Boas Prácticas e Recomendacións para o sector Agrogandeiro, Plan de Limpeza de canles, Plan de Regadío, creación de centros de tratamento dos xurros para o seu uso como abonos, medidas de minoración de usos de augas na limpeza das granxas porcinas, recuperación de espazos agrícolas abandonados na Comarca para aproveitamentos gandeiros extensivos, semiextensivos, e aproveitamentos agrícolas de cara á redución da dependencia de recursos foráneos para a alimentación animal ó tempo que se abonan estas parcelas cos bioresiduos xa optimizados en forma de compost, ademais da moratoria na creación e incremento de capacidade de novas explotacións intensivas na Comarca, entre outros. Observamos con preocupación crecente que a solución da Xunta sigue a ser “ollar para outro lado”, mentres saltan novas do acontecido cos fondos Life Rexenera Limia, onde se executou o 50% (o outro 50% volveu para a UE coa faltiña que facía), ou mentres os fondos europeos destinados a recuperar a calidade das augas do encoro das Conchas foron empregados en construír piscinas, mentres para recuperación ambiental se reservaron uns pírricos 30.000 €. Sen

dúbida as piscinas están ben, pero estes cartos tiñan como prioridade paliar o desastre medioambiental que a acción e inacción do PP nos gobernos teñen provocado ao longo dos anos. Hoxe, todos estes anos de absoluto desleixo por parte da Administración Autonómica, téñennos abocado á declaración da Limia e A Baixa Limia como “zonas vulnerables por nitratos” en cumprimento da Directiva de Nitratos da Unión Europea, que obriga aos Estados membros a delimitar as áreas máis sensibles e contaminadas, e que co expediente de infracción que a Comisión lle abriu a o Reino de España, moito nos tememos que chegará mais pronto que tarde, mentres o goberno do Sr. presidente accidental sigue ausente. E sendo isto grave polas consecuencias económicas, non o é menos, que a contaminación das nosas augas e terras se está a converter xa non nun problema medioambiental, senón nun problema de saúde pública que non podemos seguir deixando decorrer como senón fose cos que habitamos esta terra á que tanto amamos. É por isto que desde o BNG solicitamos a toma en consideración dos seguintes acordos por parte do Pleno da Deputación de Ourense: 1. Reclamar da Xunta de Galiza que a través da Consellería do Medio Rural faga público con carácter inmediato o “Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia” xa rematado en Novembro do ano 2021, e que se implementen con carácter inmediato os fondos necesarios para comezar a executar as súas determinacións neste mesmo ano 2022. 2. Reclamar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil que como organismo da Conca do Río Limia emprenda as accións conducentes a minimizar a contaminación das augas e a mellora e optimización dos sistemas de regadío. 3. Instar á Xunta de Galiza a facer público en que estado se atopa o expediente de declaración da Limia como “Zona vulnerábel por nitratos” e que medidas ten tomado ata este instante para evitar esta declaración, si é que efectivamente ten tomado algunha.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza sinalando que estamos ante un asunto moi preocupante e amosa a súa concordancia coas propostas de acordo que se formulan na moción. Engade que esta situación ven de moitos anos atrás, a realidade e a calidade da auga da comarca da Limia é a que é e debemos tratar de buscar unha solución sen castigar nin á veciñanza nin aos gandeiros. Estamos nunha situación o suficientemente grave para que a Xunta de Galicia dea un paso firme adiante e todos os grupos políticos desta corporación debemos intentar arranxar esta situación tan preocupante.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Concorda en que estamos ante un asunto de moita importancia e que xa foi abordado neste pleno no anterior mandato. Todos somos

conscientes do importante problema ecolóxico e ambiental da comarca da Limia e nesta situación queda patente o desleixo douts AAPP cara á nosa provincia. Estamos ante un problema que pode ser de saúde pública e que debe ser abordado canto antes polo que o grupo provincial de DO vai apoiar esta moción.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que non é un asunto que só pon en risco a estabilidade das explotacións e das economías, senón que é un risco para a saúde de toda a comarca da Limia e da Baixa Limia. Este debate amosa a realidade palpable do que está a acontecer na comarca da Limia e a Baixa Limia con especial incidencia na contaminación das augas. Este asunto pode debaterse por enésima vez, pero mentres non se poñan orzamentos enriba da mesa o problema persistirá. O grupo provincial socialista ven de facer unha visita recente ao encoro das Conchas, no concello de Muíños, e puidemos comprobar o estado das augas contaminadas. Lembra que no BOE do mes de maio deste ano saíu publicada a declaración da zona, por parte do Goberno do Estado, como zona vulnerable aos nitratos, a cal foi remitida á Xunta de Galicia e dándolle un prazo de tres anos para que se tomen as accións necesarias e concretas que deben pasar si ou si por reducir a carga de xurros e de fertilizantes, e tamén por unha moratoria para a instalación de máis granxas, nun territorio que non dá máis de si coa carga agrogandeira actual. Moitas mocións e moitos debates ao longo dos últimos anos, pero a situación non mudou. En xaneiro de 2019 creábase a plataforma “Auga limpa xa” a raíz de movementos sociais que xurdiron pola contaminación de moitos pozos e acuíferos. A Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, como era ano electoral, apurou o paso e convocou en abril de 2019 a primeira Mesa da Limia con representantes de todos os concellos, sectores agrícolas e gandeiros, asociacións e colectivos. Houbo diferentes mesas sectoriais ao longo destes tres anos para preparar ese Plan Estratéxico da Limia, do que a día de hoxe non sabemos nada nos concellos afectados agás que o Conselleiro de Medio Rural prometeu presentalo en xuño do ano pasado, e este mesmo ano volveu facer a mesma promesa para finais do mes de setembro deste ano. De momento, nada de nada. O Plan de Regadío está en marcha con vinte e dous millóns de euros por parte do Estado e catro millóns de euros por parte da Xunta de Galicia. Non vemos nos orzamentos da Xunta ningunha partida para tentar atallar o maior problema de contaminación que hai, que é o tratamento dos xurros, e tampouco consta que se teña pedido para esta actuación ningún investimento ao abeiro dos fondos Next Generation UE. Este mesmo conselleiro prometeu a creación da primeira planta de tratamento de xurros en Galicia na

comarca da Limia, e non sabemos tampouco nada deste asunto. Remata indicando que o grupo socialista apoiará esta moción na súa totalidade como fixeron con outras similares ao longo dos últimos anos e que en todo caso a solución debe pasar por unha moratoria na instalación de explotacións gandeiras e pola creación de plantas de tratamento de xurros, e que si somos conscientes de que as explotacións deben ser sostibles medio ambientalmente e as AAPP apoian este tipo de explotacións, poderemos encarar este importante problema.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Toma a palabra para manifestar que compre dirixir o modelo agrario da comarca da Limia cara un modelo máis sostible e que facilite a redución da contaminación ambiental. Engade que a moción do BNG debería ser un pouco máis concreta á hora de apuntar responsabilidades. Así, indica que o control da contaminación por nitratos das augas da Limia é responsabilidade do Estado a través da CH, e ningunha das accións nesta materia son competencia nin da Xunta de Galicia nin dos concellos, que son os sufridores desta situación. Engade que a declaración de zona vulnerable si que lle corresponde á Xunta de Galicia pero para iso deben estar previamente determinadas as masas de auga afectadas, e resulta que o Estado non tiña feito tal cousa ata o pasado mes de maio deste ano. Agora que xa coñecemos o mapa das augas afectadas, e para facer a declaración de zona vulnerable por nitratos, A Xunta dispón dun prazo de tres anos a contar desde a publicación no BOE desas masas de auga afectadas (maio 2022 a maio de 2025). Este proceso precisa de moito traballo previo e buscar un certo grao de consenso cos sectores gandeiros e agrarios afectados. Ademais existen máis trámites como o procedemento de avaliación estratéxica que é preceptivo. O goberno da Xunta está a impulsar o Plan da comarca da Limia que busca un modelo máis sostible e no que se reduza a contaminación ambiental, e se mellore a xestión dos xurros e dos regadíos, e apostando pola economía circular e a innovación. A Xunta de Galicia traballa ao ritmo que marca o procedemento administrativo, e para rematar indica que se botan en falla na moción referencias ás responsabilidades do Goberno Central. Remata indicando o voto favorable do grupo popular a esta moción.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda comeza agradecendo o apoio de todos os grupos políticos a esta iniciativa política. Estamos ante un tema moi serio, no que se deron pasos, pero no que hai moito que avanzar. Preocupa moito que se están incluso a facer verdadeiras aberracións na xestión deses residuos gandeiros, e debemos ter presente que eses bioresiduos deberían achegar un valor engadido ao noso territorio, e non deberían ser precisamente un problema, se se tratan da forma correcta. Sobre a referencia a

unha moratoria para a implantación de novas explotacións e ampliación das existentes, indica que iso estaba recollido no plan da Limia por estar acordado no seo da Mesa da Limia, pero semella que este punto non foi tido en conta pola Xunta de Galicia na elaboración do Plan da Limia, segundo as últimas novas, e isto é algo de base e fundamental. Indo da man todos os que temos responsabilidades políticas non deberíamos ter medo a tomar certas medidas xa que estamos ante un asunto dunha gran importancia ambiental e de saúde pública. Engade que aínda non se fixo público o contido deste Plan da Limia, e non se entende porqué non se traslada á opinión pública por parte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Concorde en que estamos ante un problema que se centra principalmente no tratamento dos xurros, polo que a moratoria é unha decisión que hai que tomar por parte da Consellería do Medio Rural, e a saúde ten que estar por enriba doutras moitas cousas. Como alcaldesa do Concello de Xinzo de Limia insta á Consellería a implantar esta moratoria, como se fixo nas CCAA de Aragón e Cataluña en determinadas comarcas. Alí xa existen plantas pilotos de tratamento de xurros pero cun importante custo económico. Só podemos aliviar a carga da contaminación se freamos a xeración de xurros, e só podemos fixar poboación se temos un medio ambiente axeitado, polo que é unha responsabilidade de todos, e debemos seguir insistindo e facer investimentos na comarca da Limia.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que non cabe dúbida de que este goberno provincial mantén un compromiso firme co sector agrogandeiro da comarca da Limia, e proba disto é o Centro Agrogandeiro que ten o INORDE. Insiste novamente na necesidade de consenso para que a Limia sexa un referente de boas prácticas nos sectores agrícola e gandeiro, e lembra as medidas que a Xunta de Galicia está adoptando para a mellora da xestión destes bioresiduos. Como exemplo cita a proposta presentada pola Xunta de Galicia ao abeiro dos Fondos Next Generation UE dun Proxecto Tractor para a posta en marcha do Centro para o impulso da economía circular que contará cun sistema de xestión integral dos xurros excedentarios, entre outros. Ademais o Goberno galego traballa nunha nova lei que regula as desecións gandeiras ou xurros. Polo tanto a principal mensaxe deste debate debe ser a necesidade de concienciación de todos, sector público e privado, de impulsar un modelo sostible na Limia.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Agradece o respaldo a esta proposta por parte de todos os grupos políticos, indicando que pretende ser un albadonazo e impulso para

que se aborde esta problemática. Agarda que efectivamente se tomen as medidas acaídas sobre todo por parte da Consellería de Medio Rural, xa que este tema hai que afrontalo xa porque levamos varios anos de retraso en abordar esta problemática, lembrando a importancia que ten a comarca da Limia nesta provincia e no país.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Reclamar da Xunta de Galicia que a través da Consellería do Medio Rural faga público con carácter inmediato o “Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia” xa rematado en novembro do ano 2021, e que se implementen con carácter inmediato os fondos necesarios para comezar a executar as súas determinacións neste mesmo ano 2022.
2. Reclamar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil que como organismo da Conca do Río Limia emprenda as accións conducentes a minimizar a contaminación das augas e a mellora e optimización dos sistemas de regadío.
3. Instar á Xunta de Galicia a facer público en que estado se atopa o expediente de declaración da Limia como “Zona vulnerable por nitratos” e que medidas ten tomado ata este instante para evitar esta declaración, se é que efectivamente ten tomado algunha.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CONSTRUCCIÓN NA PROVINCIA DE OURENSE DUN CEMITERIO INTERCULTURAL SUPRAMUNICIPAL

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Fai uso da palabra para expoñer a iniciativa política do seu grupo na que se sinala que a chegada doutras culturas supón un enriquecemento da diversidade social. Nunha sociedade democrática plena resulta fundamental respectar e promover melloras entre todas as realidades culturais da veciñanza, como elemento de achega positiva que nos permita avanzar cara unha integración plena. Desde hai lustros, moitas persoas de diversas partes do planeta veñen a

traballar e a vivir na nosa provincia. En moitos casos chegan para establecerse definitivamente como veciños e veciñas. Por iso debemos facilitar os proxectos de vida de todas estas persoas, en condicións de igualdade. Para alcanzar unha integración plena, debemos ter claro que a morte, como parte da vida, tamén debe formar parte destes plans de integración. Segundo os datos máis recentes do Observatorio do Pluralismo Religioso, actualizados a outubro de 2021, ademais da Católica, as confesións con máis lugares de culto na provincia de Ourense son a Evanxélica (20), as Testemuñas de Jehová (6), a Musulmá (4), a Budista (2), a Adventista (2) e a Igrexa de Xesucristo dos Santos dos Últimos Días (2). Hai que ter en conta que o número de persoas ateas, agnósticas ou practicantes doutras crenzas multiplicouse durante a pandemia no conxunto de España. Desde a aparición da Covid-19, pasaron de ser o 27,7 % ao 37,1 % da poboación. Se botamos a vista atrás, as cifras son máis contundentes: no 2000 só o 13,2 % dos e das cidadáns do Estado dicían ser ateos ou agnósticos. Por tanto, os números amosan con rotundidade unha sociedade cada vez máis diversa. Ademais, ao longo dos últimos lustros, está a consolidarse unha tendencia que, no padrón de habitantes, confirma a perda poboación ourensá por nacemento e o incremento dos veciños e veciñas por inmigración. De feito, a nosa provincia concentra máis da metade dos concellos galegos que teñen máis do 5 % de habitantes de nacionalidade estranxeira. Moitos deles e delas proveñen de culturas e formas de vida totalmente diferentes á tradición católica que, na maioría de casos, aínda ordena os nosos ritos funerarios. Ademais, moitos dos e das ourensáns, independentemente da súa orixe, optan por prácticas funerarias distintas do sepulcro relixioso nun cemiterio parroquial. Esta iniciativa do PSdeG-PSOE nace coa vontade de dar resposta a unha nova situación social que vive a provincia, coa chegada de persoas procedentes de todas partes do mundo. A sociedade ourensá cambiou nos últimos lustros e por iso debemos apostar por adaptar os servizos e espazos funerarios ás novas realidades, demandas e necesidades. Desde as institucións públicas, debemos considerar o dereito fundamental de toda persoa a recibir sepultura digna e a non ser obrigada a practicar cultos contrarios ás súas conviccións, un dereito que recollen tanto a Constitución Española, como os acordos coas diferentes confesións. Situando o foco, por exemplo, na tradición musulmá sobre ritos mortuorios, poden observarse necesidades propias que a maioría de administracións locais non poden ofrecer na actualidade: o corpo debe estar en contacto directo coa terra, sen cadaleito e, ademais, debe estar deitado sobre

o lado dereito co peito virado cara á Meca, o que marca tamén a orientación das tumbas. Os ritos funerarios hindús ou aqueles de carácter aconfesional tampouco poden ser atendidos en condicións de igualdade. Ante esta situación, cómpre adecuar a oferta de servizos municipais aos requirimentos das tradicións propias de toda a veciñanza. De feito, os gobernos municipais e o resto de administracións públicas teñen a obriga legal de non discriminar por razón de sexo, ideoloxía, xénero ou relixión. Non poder morrer segundo as prácticas dunha ideoloxía ou relixión concreta, é unha evidente discriminación. En moitas ocasións, a comunidade que profesa outras relixións ou culturas, debe impulsar colleitas para ser repatriados ou trasladados a outras cidades ou países onde reciben sepultura nun camposanto axustado ás súas prácticas. E non debemos esquecer que a elección do país de acollida como lugar de enterramento, reflicte procesos máis sólidos de identificación persoal e pertenza a un grupo, encamiñados a unha integración plena de toda a veciñanza, independentemente da súa orixe. O servizo do cemiterio é unha competencia obrigada das entidades locais. Así aparece na Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), que establece que os concellos teñen competencia, en todo caso, en materia de cemiterios e servizos funerarios. Ademais, deben construír cemiterios no seu termo municipal onde se poidan practicar todos os ritos funerarios, sen discriminación por razón de relixión, tal e como recolle a Lei 49/1978, de Enterramentos en Cemiterios Municipais. Estes servizos deben prestarse en todos os concellos, independentemente do seu número de habitantes. Pero as entidades locais de menor tamaño e de menor capacidade económica, resúltalles imposible asumir un investimento deste calibre. Debido a estrutura demográfica e social da nosa provincia, case todos os concellos ourensáns son incapaces de asumir unilateralmente os custes derivados dun proxecto como este. E ante esta situación, que tamén afecta a outros investimentos ou necesidades, as deputacións teñen a obriga de cooperación e asistencia ás actuacións ou servizos das entidades locais, cando non capaces de ser prestados ou executados por conta propia. E, por iso, defendemos que sexa a Deputación Provincial de Ourense, como concello de concellos e como goberno provincial, quen dea un paso á fronte para ofrecer a toda a veciñanza, un espazo adecuado para os seus ritos funerarios, independentemente da súas orixes, crenzas, prácticas, tradicións ou relixións. Nalgunhas provincias xa existen cemiterios doutras culturas ou con seccións para algunhas destas prácticas, pero non existe ningún recinto multicultural e aconfesional. Ante isto, propoñemos a creación dun cemiterio

intercultural supramunicipal no que, nun espazo común, se reflectan diferentes espazos do mundo –por exemplo Europa mediterránea, Europa do norte, Medio Oriente, América, zona asiática ou continente africano– cun deseño paisaxístico que reflecta as diferentes culturas, rexións e relixións. A integración é un fenómeno que inclúe numerosos aspectos, dentro dos que se atopan a morte e a memoria dos defuntos e defuntas. Esta proposta quere ofrecer unha resposta ampla e xenerosa, acadando un instrumento útil que permita unha xestión harmoniosa da diversidade cultural, incluíndo prácticas relixiosas, ateas ou agnósticas que permitan acadar unha sociedade máis unida, integrada, respectuosa e democrática. Esta é unha proposición de respecto á diversidade relixiosa, de tolerancia e de coherencia cos nosos valores fundamentais como sociedade democrática. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: Instar á Deputación Provincial de Ourense á creación dun cemiterio intercultural supramunicipal na provincia, no que teñan acollida diferentes culturas do mundo, co fin ofrecer un servizo básico a unha importante porcentaxe da poboación que, ata o de agora, estaba obrigada a afrontar custos extraordinarios para poder exercer unha liberdade de culto plena ou práctica aconfesional recollida na Constitución.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para manifestar que estamos ante unha moción complexa e na que hai moito que reflexionar. Así indica que deben respectarse os dereitos de todos e que poden existir determinadas crenzas que non queiran compartir lugares de descanso ou enterramento con persoas de outras crenzas. Entende que estamos ante un servizo que debe ser municipal e non considera que deba ser a Deputación a que afronte este investimento cando existen situacións prioritarias a afrontar. Para rematar indica que vai a votar en contra desta moción.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que un bo amigo de relixión musulmá indicoulle que eles, ao igual que os católicos, precisan lugares de enterramento para esa relixión. Engade que estamos ante un debate que hai que abrir xa que estamos nunha sociedade cada vez máis multicultural. Buscando exemplos sinala que existe un cemiterio multicultural aconfesional en Alemaña en Heidelberg, e outro máis próximo na localidade vasca de Landaederraga. Dito todo isto e sobre a moción, manifesta que se vai abster xa que entende que a Deputación o que si podería facer é dotar unha liña de axudas para os concellos municipais na medida en que fosen necesarias as adaptacións necesarias nestas infraestruturas municipais. Neste senso entende que máis que ir cara unha gran obra desta Deputación

Provincial sería máis conveniente avanzar cara á cooperación provincial cos concellos que teñan esa necesidade de mellorar as súas infraestruturas.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza explicando que existe un problema co que nos imos encontrando cada vez máis que é que a causa da globalización existen cada vez máis ritos e relixións presentes na nosa sociedade. É moi importante que as sociedades poidan dispoñer de ritos funerarios xa que se contribúe a minorar a dor que causa a morte e a xestionar esta. A razón principal pola que se vai abster o seu grupo indica que é porque se achega unha solución (cemiterio principal) sen ter en conta a opinión dos afectados, polo que entende que previamente debера falarse cos representantes das confesións e relixións que temos na nosa sociedade. Entende que hai que agradecerlle ao grupo socialista que visibilice esta problemática, pero entende que quizás a solución formulada non é a idónea.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Fai uso da palabra para indicar que a cuestión fundamental do acordo da moción é o que se pide, e sen prexuízo das reflexións que poidan facerse, debemos ter moi presente o contexto lexislativo actual. A liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto é un dereito fundamental na nosa Constitucional, e na atribución de competencias que se fai entre os diferentes niveis de goberno, a Lei de bases de réxime local lle atribúa a de cemiterio de forma exclusiva aos concellos, que ademais ten outras competencias adxacentes neste asunto como é a urbanística. Deste xeito entende que os concellos que queiran levar a cabo este tipo de infraestruturas, deben e poden contar coa cooperación da Deputación, pero non debe ser esta administración a que asuma a iniciativa na súa creación, xa que deben ser infraestruturas de titularidade e xestión municipal. Polo indicado manifesta que votarán en contra desta moción do grupo socialista.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda sinala que entendía que este tema os ía unir a todos polo que se leva unha importante decepción. Indica que o diario de sesións do Parlamento de Galicia do ano 2017, recolle unha intervención dun deputado deste Parlamento na que indicaba que entre as reivindicacións dos representantes das relixións minoritarias de Galicia á Administración autonómica destacaba unha, que era a de ausencia de espazos nos que poder dar sepultura aos seus seres queridos podendo dar cumprimento aos requisitos dos seus diferentes credos. Explica que este parlamentario era o señor Pazos Couñago, do grupo popular, e esta é unha proposición non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia, co apoio do PP, PS de G-PSOE, BNG e abstención de En Marea, que tiña como título “Creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a

demanda de enterramentos conforme cos requisitos das confesións minoritarias”. Nesta iniciativa formulábase unha solución entre a CA e a FEGAMP. Seguidamente procede a facilitar as cifras do INE sobre o número de persoas de outras nacionalidades que viven nos nosos concellos, e que profesan, moitos deles, outras confesións relixiosas, polo que entende que a estas persoas, moitos deles galegos e galegas, debemos facilitarlles a solución a este problema e ese trato digno debe permitirlle dar ese último paso no noso territorio. Remata preguntando que está facendo entón a Deputación cando achega cartos para os tanatorios dos diferentes concellos desta provincia.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Nesta quenda sinala que todos estamos de acordo en que hai que buscar unha solución a esta problemática, pero que antes debemos sentarnos a falar coas persoas que representen as diferentes relixións e confesións. Coincidimos todos no problema, pero non na solución que lle dá na moción, xa que debe ser unha solución consensuada con todos os axentes implicados, que son moitos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o ser humano ten unha evolución dos ritos funerarios e a convivencia coa morte en Galicia nunca foi un problema, se ben a sociedade vai mudando. Así apunta a que os cemiterios municipais deberían ser integradores coas diferentes confesións e relixións, e que cara este modelo debemos avanzar aplicando a cada un dos cemiterios municipais, se existe demanda real, pero non comparte que este servizo deba ser provincial, se ben a Deputación debe cooperar cos concellos que o demanden neste senso.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Entende que no esencial todos estamos de acordo, que efectivamente os ritos funerarios foron o principio das nosas sociedades, e a morte é o que verdadeiramente nos iguala a todos, indicando para rematar que se vai abster na moción e que estamos ante unha problemática que debemos abordar canto antes.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): Reitera que a FEMP ven de remitir aos diferentes concellos nestes días unha guía para abordar a regulación dos servizos municipais de cemiterio, e vai na liña do xa indicado, xa que estamos diante dunha competencia exclusivamente municipal. Entende que a función cooperadora da Deputación precisamente debe estar en apoiar estas demandas dos concellos, se as hai, polo que entende que se algún dos concellos da provincia necesita a creación dun cemiterio destas características pode pedir a cooperación desta administración provincial.

- quenda de peche Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza preguntando cantos cemiterios municipais hai na provincia, lembrando que unha inmensa maioría son parroquiais. Non entende como se todos estamos de acordo, como se afirmou, non se apoia esta moción. Remata indicando que a morte, como última fase da vida, formaría parte do proceso de integración na poboación inmigrante na súa terra de acollida e evitaría que moitos inmigrantes se sintan rexeitados ata na morte, porque integrarse é ser recoñecido como morto, lembrando que os galegos somos un pobo acolledor e tolerante, e non podemos deixar fóra aos que viñeron facer o seu proxecto vital na nosa terra.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita, e a abstención do deputado presente de DO (1).

10º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- A Presidencia anuncia a presentación de dúas mocións de urxencia presentadas polo Grupo Socialista, e cédelle a palabra ao dito grupo para expoñer os motivos da urxencia da **moción para rexeitar a aldraxe da Xunta a Ourense e para defender á cidade como a mellor candidata para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.**

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- Intervención de Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Xustifica a tramitación pola vía de urxencia desta moción no feito de que da aldraxe cometida nestes derradeiros días pola Xunta de Galicia cara esta provincia, que pode resumirse no dito popular de que “mexan por nós e din que chove”. Ourense ven de presentar unha candidatura para ser sede da AESIA con todos os requisitos máis que cumpridos, e a Xunta de Galicia dálle preferencia a outra provincia que non cumpre co requisito básico de facerlle fronte ao reto demográfico, e o que é máis grave, o presidente desta Deputación publicamente se alegra desta decisión. Hoxe temos que facer público o noso rexeitamento a esta traizón a Ourense, porque non sabemos a ponderación que se lle deu aos criterios de valoración. Procede por último a dar lectura ás propostas de acordo da

moción presentada que son os seguintes: .1. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que rectifique con urxencia a decisión de escoller á cidade da Coruña como a súa candidata para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) e propoña a Ourense para este fin, xa que é a única candidata que cumpre todos os requisitos estipulados nos reais decretos que establecen o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público e na restante normativa que regula a desconcentración da administración estatal. 2. Rexeitar a aldraxe acometida pola Xunta de Galicia contra a cidade de Ourense e a súa provincia, ao non elixir a proposta ourensá para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), ao executar un proceder unilateral que non figura en ningunha das normas que regula este proceso, xa que decidiu ponderar máis uns criterios fronte a outros, primando o tecido empresarial fronte ao resto, o que elevou a candidatura da Coruña. 3. Instar á comisión consultiva estatal creada para este procedemento e ao Goberno de España a afondar nas políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía e, nomeadamente, que unha desas sedes sexa a da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.

- Intervención de Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que o grupo popular non se vai subir a este tren do oportunismo, e que non están de acordo coa urxencia da moción, porque o informe de NODO Galicia concluíu que A Coruña é a candidatura galega con máis posibilidades de acoller a sede da AESIA, sendo ese informe proposta aprobado por unanimidade nese órgano.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a urxencia no tratamento da moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto do deputado non Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita.

Seguidamente, a Presidencia cédelle novamente a palabra ao Grupo Socialista para xustificar a urxencia da **moción para reclamar a localización en Ourense da sede da Axencia Espacial Española.**

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- Intervención de Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Procede a xustificar a urxencia desta moción indicando que é urxente presentar esta moción agora porque o prazo finaliza o día sete, que é o próximo luns, e que se vai presentar esta iniciativa no concello de Ourense, e que sería moi importante contar co apoio desta Deputación. 1. Instar a Deputación Provincial de Ourense a que reclame para Ourense a sede da Axencia Aeroespacial Española, con base ao estipulado no Real decreto 209/2022, que establece o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público estatal, así como na restante normativa reguladora, presentando a súa candidatura formal dentro do prazo establecido para este proceso que remata o 7 de novembro de 2022. 2. Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando na provincia de Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía e, nomeadamente, que unha desas sedes sexa a Axencia Aeroespacial Española, c o n base no estipulado no Real decreto 209/2022.

- Intervención de Plácido Álvarez (grupo do PP): Trátase de candidatar por candidatar, subidos de novo ao tren do populismo e da demagogia. Ademais méntese na moción xa que se fala dun acordo coa Universidade de Vigo e non o hai. Esta proposta nin é urxente nin é seria.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a urxencia no tratamento da moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (11) e da deputada non adscrita.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

11º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de setembro de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sinalando que en novembro do ano 2019 formulamos un ROGO para solicitar a instalación de luminarias na estrada OU-0519 no tramo situado entre a Finca Fierro e o cruzamento de Parada por ser un lugar de centros moi visitados como son o centro de maiores e o hospital de Piñor, como tamén o acceso ao pobo de Parada de Piñor e onde a zona escura e sen iluminación provoca situacións de inseguridade. Posteriormente, no ano 2020, tamén no mes de novembro, reiteramos o xa citado rogo onde por parte da presidencia se deu lectura a un informe da Área de Infraestruturas onde se indicaba que non compete a esta área a substitución ou renovación, engadindo que segundo os datos que constan na Dirección Xeral de Tráfico "*o índice de perigosidade é cero*", por non ter acontecido ningún accidente nos últimos cinco anos. Tendo en conta que na gran parte da rede viaria provincial existen puntos de luz en lugares ou puntos necesarios para a seguridade non só de vehículos, senón sobre todo para peóns, moitos deles instalados sen a necesidade de comprobar se é zona ou non de "accidentes" nunha base de datos, realizamos as seguinte pregunta: *¿Vai atender a Deputación Provincial de Ourense esta petición para minorar a seguridade nesta zona para os peóns usuarios desta vía nos lugares indicados e mesmo tamén por estudantes que se desprazan por esta vía para facer uso do transporte público, ou seguirá baseándose en datos estatísticos que calquera día se poden romper traxicamente con algún accidente que poida costar vidas humanas para actuar?*

A Presidencia contesta que procede a dar lectura ao informe realizado pola directora da Área de Infraestruturas no que informa que vista a exposición realizada por dona Margarita Pérez Fernández, deputada do Grupo Provincial Socialista da Deputación, sobre o rogo formulado no ano 2019 e reiterado no ano 2020 relativo *á instalación na estrada OU-0519 de luminarias, e a existencia na rede viaria provincial de puntos de luz en lugares ou puntos necesarios para a seguridade de vehículos e de peóns instalados sen necesidade de comprobar si é zona ou non de "accidentes" nunha base de datos*, así como á cuestión formulada ao respecto desta no exercicio do seu dereito a obter do Sr. presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte:

PRIMEIRO: Os criterios que rexen a instalación de luminarias nunha estrada a ceo aberto están recollidos na Orde circular 36/2015, tomo I. No apartado 2.1, subapartado b), indica que as estradas convencionais non se iluminarán en xeral, aínda que podería xustificarse a súa iluminación no caso de que o treito sexa un treito de concentración de accidentes (TCA) e nos derradeiros dous anos mais do 50% dos accidentes sexa en período nocturno.

Un TCA, segundo a Orde circular 30/2012, é un treito de estrada de lonxitude non superior a tres quilómetros, salvo excepcións xustificadas, que leve en explotación máis de tres anos, no que as estatísticas de accidentes rexistrados indican que o nivel de risco de accidente é significativamente superior ao daqueles treitos da rede con características semellantes. Identifícanse como TCA aqueles tramos nos que o índice de perigosidade resulte superior ao limiar da súa categoría sempre que ao longo dos tres últimos anos do período considerado fosen rexistrados neles máis de cinco accidentes con vítimas, no caso dos tramos pertencentes a estradas convencionais.

A *OU-0519 Ourense (OU-540) - Toén (OU-0216)* é unha estrada convencional. O treito non é un TCA porque o índice de perigosidade segue a ser cero, ao non terse rexistrado ningún accidente con vítimas nos derradeiros tres anos. Polo tanto, na liña do informado en 2019 e 2020, reitero que non existen criterios técnicos obxectivos coa normativa actual vixente para implantar luminarias na *OU-0519 Ourense (OU-540) - Toén (OU-0216)* entre os puntos quilométricos 1+250 a 1+800 por parte da administración titular da estrada. O uso das estatísticas de accidentes é obrigado polos motivos anteriormente expostos.

SEGUNDO: A colocación de luminarias na marxe das estradas provinciais para prestar o servizo de iluminación pública, que lle correspondería ao Concello, é un uso autorizable de conformidade co disposto no artigo 43 e seguintes da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. En consecuencia, o Concello pode promover unha actuación de implantación de luminarias na *OU-0519* no marco das súas competencias - a prestación do servizo de iluminación pública-e colocar estas, trala autorización previa da Deputación de Ourense. Este é o procedemento habitual para iluminar as travesías dos concellos.

O que se informa para os efectos oportunos.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta, indicando que nos pasados días se anunciaba que o proxecto desta Deputación "*Hay un Ourense para ti. Descúbrela*" era finalista duns "*Premios a innovación e a mellora da competitividade enerxética a través da dixitalización*". Proxecto xa presentado na pasada lexislatura, no mes de abril de

2019 e que está orzado en preto de 3 millóns de euros a través da Entidade Pública Empresarial RED.ES. Segundo o proxecto indicábase que constaría entre outros, dunha plataforma smart, aplicacións para móbiles ademais dun portal web de información turística, etcétera ¿Está xa este proxecto finalizado? ¿Cal é a web? ¿Cales son as aplicacións para móbiles? ¿Están xa en funcionamento? ¿Cales son os motivos polos cales o expediente deste proxecto está na Plataforma de Contratación do Sector Público en estado de desistencia dende o 5 de febreiro do 2021?

A Presidencia contesta dando lectura ao informe emitido polo director da Área de Transparencia e Goberno Aberto no que indica que o informe dá resposta ás consultas trasladadas polo Grupo Provincial Socialista en relación co proxecto desta Deputación “Hay un Ourense para ti. Descúbrello”. A continuación enuméranse as citadas cuestións, coa resposta a cada unha delas: ¿Está xa este proxecto finalizado? Non. O proxecto consta de 13 compoñentes, entre os que están tanto os que dan soporte transversal ao proxecto como os visibles ao público, entre os que se atopan a web ou a aplicación móbil. A data prevista de posta en produción de ambos os compoñentes é abril de 2023. Polo momento, os traballos están a desenvolverse segundo o calendario previsto. ¿Cal é a web? A web disporá dos seguintes apartados: Recursos turísticos, rutas predefinidas e información turística, Axenda de eventos, social, planificador de viaxes e rutas, cadernos de viaxe de usuario, recomendador turístico, acceso ao vídeo 360º, acceso ás cámaras panorámicas, time-lapse de cámaras panorámicas. ¿Cales son as aplicacións para móbiles? O obxectivo deste compoñente é o desenvolvemento e posta en produción de aplicacións móbiles (Android e iOS) de información turística.

A aplicación móbil disporá dos seguintes apartados principais: Perfil de usuario, información turística, turismo activo, eventos, planificador de rutas, realidade aumentada, recreacións virtuais, vídeo 360º, cámaras panorámicas, información meteorolóxica ¿Están xa en funcionamento? Como se indicou anteriormente, a data de posta en funcionamento é en abril de 2023 ¿Cales son os motivos polos cales o expediente deste proxecto está na Plataforma de Contratación do Sector Público en estado de desistencia dende o 5 de febreiro do 2021? Tal e como recollían as bases da convocatoria, o proxecto foi licitado por Red.es, tras elaborar os pregos técnicos en colaboración coa Área de Transparencia e Goberno Aberto da Deputación. A web de contratación do estado recollía a desistencia en data 15/12/2020 polos seguintes motivos: “*En virtud de lo dispuesto en el artículo 152.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español*

las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, se va a proceder al desistimiento del procedimiento de licitación de referencia” A causa da desistencia foi a non publicación da licitación no BOE, cuestión que non se podía emendar e que motivou unha nova licitación coas mesmas condicións técnicas. Na seguinte URL pódese comprobar a acta do informe de valoración de criterios que dependen de xuízo de valor desta segunda licitación:

https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/90b56bcc-22a2-46c5-a179-6f9da35e2240/DOC202106161349363_+Acta+Revision+juicio+de+valor+114-20-SP.pdf?MOD=AJPERES

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta, en relación coa Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do pasado mes de xullo de 2022, no seu punto cuarto da convocatoria, en rogos e preguntas, na que os nosos deputados e deputadas preguntaron sobre diversos asuntos, comprometéndose o presidente da comisión a "conseguir a información e responder por escrito". Reiteramos esas mesmas cuestións non respondidas na comisión deste pasado mes de outubro sen obter tampouco resposta. ¿Cales son os motivos polos cales aínda non foron respondidas as preguntas formuladas nas comisións? ¿Para cando están previstas?

A Presidencia contesta que en relación coas cuestións formuladas por D.^a Elvira Lama e D.^a Rosario Rodríguez pasa a ler o informe da directora da Área de Infraestruturas.

PRIMEIRO: Sobre a pregunta formulada por dona Elvira Lama Fernández do Grupo Socialista e relativa á instalación de canles na estrada provincial que une Moreira e Faramontaos, pois indica que se lles contestou desde a Deputación que se estudaría a posibilidade destas instalacións, pero que a día de hoxe non hai ningunha novidade. Pregunta se é necesario presentar unha nova solicitude ou se se vai tramitar a presentada no ano 2017.

Con data 8/03/2017 o pedáneo de Faramontaos solicitou a instalación de canles redutores no treito da estrada Xinzo a Cualedro, ao seu paso polo pobo de Faramontaos. O 17/03/2022 o Concello de Trasmiras trasladou tamén unha reclamación para a implantación dun redutor de velocidade na mesma travesía (Casas-Faramontaos).

As ditas solicitudes foron tramitadas conxuntamente e motivaron a instalación dun redutor de velocidade de segmento circular no punto quilométrico 6+600 da OU-1107.

SEGUNDO: Sobre a pregunta formulada por D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do

Grupo Socialista, e relativa a que hai un ano que se expuxo a necesidade de instalar canles redutores de velocidade na estrada provincial OU 1013 ao seu paso polo Concello de Oímbra, indicando que aínda non se instalou ningún elemento redutor de velocidade e que se trata dunha recta onde moitos vehículos pasan a gran velocidade, co conseguinte perigo.

Existen tres peticións do Concello de Oímbra solicitando pasos sobreelevados en diferentes treitos das estradas provinciais OU-1010 e OU-1013; en concreto: Con data 04/07/2017 solicitou pasos de peóns elevados para localidades da Granxa, Casas dos Montes e Bousés (n.º saída do Concello 836). Con data 05/09/2018 solicitou a implantación de redutores de velocidade nas vías provinciais OU-1013 e OU-1010 (expediente 2018/6662E). Con data 09/01/2019 reiterou a implantación de redutores de velocidade nas vías provinciais OU-1013 e OU-1010 (expediente 2019/421K).

A meirande parte dos pasos de peóns sobreelevados solicitados polo Concello de Oímbra non foron instalados porque non respectan as limitacións impostas no apartado 3.2.2. da Orde FOM/3053/2008. Tal e como determina a dita instrución técnica, apartado 3.2.1 a misión destes dispositivos, a pesar do seu nome, non é reducir a velocidade, senón manter velocidades de circulación que terían que verse reducidas previamente con outros medios, como a sinalización. O dispositivo xera unha aceleración vertical nos vehículos cando o atravesan que pode resultar moi perigosa cando se pasa sobre eles a excesiva velocidade. Por isto, un dos criterios que impiden a súa colocación é que o 85% dos vehículos circulen polo treito a máis de 60 km/h.

Os dous solicitados que cumprían as limitacións de implantación serán incluídos nun proxecto construtivo global de instalación destes dispositivos en varias travesías da rede provincial de Ourense.

En todo caso, a velocidade nas travesías está limitada a 50 km/h. Non é función deste equipamento viario o control dos excesos de velocidade. Esta función, e a sanción de conductas referidas ao non respecto dos límites de velocidade regulamentariamente establecidos, correspóndelle á Garda Civil de Tráfico. Por isto, os excesos de velocidade comunicados serán postos novamente en coñecemento da Xefatura Provincial de Tráfico co fin de que realicen os controis de velocidade oportunos e de que sancionen aos infractores, se procede.

En relación coa cuestión formulada por D. Aurentino Alonso paso a ler o informe do director

da Área de Medio Ambiente.

Respecto da pregunta que se nos traslada no día de hoxe, relativa a diferentes retrasos na recollida de lixo en varios contedores dos concellos de Trives, Manzaneda e Castro Caldelas, durante o pasado verán, infórmase o seguinte:

Certamente o verán é unha época na que os concellos do rural experimentan un importante aumento de poboación, que chega a cuadruplicar a xeración de lixo, o que somete a un importante estrés aos medios de calquera servizo de recollida de residuos e en particular a este servizo de xestión intermunicipal, esencialmente rural. Isto unido ás altas temperaturas desa época do ano, fai que calquera incidencia teña maior repercusión polas incomodidades que se producen. Porén, coñecedores destas debilidades, o servizo refórzase, fundamentalmente nas fracción de lixo máis sensibles a estas condicións climáticas, o que non impide que se poidan dar, puntualmente, situacións de desbordamento dalgún dos contedores. Dito o anterior, a esta Área de Medio Ambiente non lle constan retrasos na recollida, agás na fracción papel-cartón (a menos sensible ás altas temperaturas) nas datas sinaladas. A causa foi a combinación de dúas circunstancias difíciles de prever: Avarías recorrentes nos medios recolectores: Esta recollida realízase mediante camións tres eixes dotados de guindastre, dos que o servizo dispón de dúas unidades con remolque. A unidade matrícula 3465KKM estivo fóra de servizo os días 08, 11, 19 e 21 de xullo e o 08 de agosto. A unidade matrícula 5023HBB estivo fora de servizo os días 06, 15, 22 de xullo e 04, 14 e 29 de agosto. Os meses de xullo e agosto representan 44 xornadas de traballo nas que houbo insuficiencia de medios en 11 xornadas, o que supón o 25% dos días con insuficiencia de medios, e precisamente en época estival. Baixas no persoal: Neste período de tempo coincidiu, no equipo de catro choferes-operarios con habilitación para o manexo de guindastres, unha baixa médica por enfermidade (4 días), unha baixa definitiva por invalidez e un permiso por matrimonio (15 días). Máis alá da dificultade de manter o servizo con persoal suplente temporal, que non coñece as rutas, engádese a dificultade de incorporar substitutos con habilitación para o manexo de guindastres.

Esta situación está normalizada á data de hoxe.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre un tema xa reiterado, sobre se se fixeron xestións para recuperar os servizos de desconexións provinciais na CRTVG que foron

suprimidos coa pandemia, así como dos debates entre os grupos políticos desta corporación na radio pública.

A Presidencia contesta que informará por escrito logo de conseguir información.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta que foi da plataforma de venda on-line de comercio ourensán local que se puxo en marcha por esta administración coa pandemia.

A Presidencia contesta que informará por escrito logo de conseguir información.

- Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Reitera unha pregunta formulada na pasada sesión da comisión de Transparencia e que aínda non foi contestada, e que é a relativa a cal é o uso que se lle vai dedicar ao vehículo matrícula M-472570 adquirido por esta Deputación?

A Presidencia contesta que informará por escrito.

- Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Pide que as repostas ás preguntas formuladas polo grupo do BNG se lle remitan tamén ao grupo socialista.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta a razón pola que non se incluíron na orde do día deste pleno ordinario a resolución ás alegacións do grupo socialista á aprobación inicial do orzamento provincial para o ano 2023.

A Presidencia contesta que se incluírán na orde do día do pleno do vindeiro mes de novembro.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Formula o rogo de que no quilómetro 13-14 da estrada entre Serantes e Lama do concello de Leiro se tomasen medidas polo paso de camións con lodos que supoñen un problema para a veciñanza.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url - <http://depourense.seneca.tv/s/h6OlqQx5zhd81DoNIWmvNDjvgjxtGzTMuKcJFfGwdEe10MLu.wmv>

SHA512

08e17eae8756e4ae7e1529b474e2118f6f72bd8b143db06af4acce436b65398b0134566

71d1a26620c46319d59458c3fc138423c45936ef3be5cc3b108db7a55

E, ás 13.46 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.